

PROGRAMA PARA A VALORIZACIÓN DOS RESULTADOS DE INVESTIGACIÓN DO CAMPUS SUSTENTABILIDADE

SUSTENTA (SUSTENTabilidade, Transferencia e Aplicabilidade) 2018

sustenta

sustentabilidade, transferencia
e aplicabilidade

1. Antecedentes

A Universidade da Coruña (UDC) está comprometida, desde os ámbitos da docencia, a investigación e a transferencia de resultados, co avance da sustentabilidade do modelo de sociedade actual, mediante a especialización, a través do Campus Sustentabilidade.

O principal obxectivo do Campus Sustentabilidade da UDC é consolidarse como un polo de excelencia rexional, nacional e internacional, por medio do fortalecemento da excelencia investigadora e a transferencia de produtos e servizos que contribúan á transición cara á sustentabilidade, así como do desenvolvemento de programas académicos internacionais especializados.

O Campus Sustentabilidade céntrase en diferentes campos de coñecemento vinculados a catro áreas de especialización:

- a) Cidade e territorio
- b) Economía circular e sustentable
- c) Sociedade e educación ambiental
- d) Vida saudable

O compromiso adquirido pola UDC coa posta en marcha do Campus Sustentabilidade comporta analizar tanto as capacidades que distinguen os grupos de investigación e investigadores individuais como a singularidade das áreas de coñecemento da UDC. Con este fin, deseñouse un programa que busca valorizar a innovación do coñecemento resultado da investigación dentro das áreas de especialización do devandito campus.

O desenvolvemento deste programa, financiado inicialmente polo propio Campus Sustentabilidade e pola Oficina de Transferencia de Resultados de Investigación (OTRI) da UDC, e denominado “Sustenta”, supón a identificación, a xerarquización e a análise dos resultados de investigación no ámbito do Campus Sustentabilidade. Está dirixido en concreto aos resultados de investigación que reúnan condicións de aplicabilidade, notoriedade e interese de transferencia.

A OTRI, organismo de interface entre a UDC e a empresa, ten como obxectivo fundamental favorecer as relacións entre estes dous sectores, promovendo a transferencia da oferta científico-técnica universitaria ao sector produtivo. Por isto, a OTRI colabora estreitamente nas tarefas de valorización e transferencia da oferta científico-técnica correspondente ás áreas de especialización singulares do Campus Sustentabilidade.

2. Obxectivo

O obxectivo desta iniciativa é identificar e valorizar os resultados da investigación levada a cabo no seo do Campus Sustentabilidade a través dunha análise inicial do seu potencial de transferencia, así como a posta en valor do coñecemento desenvolvido polos grupos relacionados coas áreas de especialización deste campus.

A avaliación preliminar dos resultados de investigación permitirá coñecer o potencial dos coñecementos alcanzados e poñelos en valor. Ademais, esta información pode utilizarse como ferramenta para orientar a estratexia que se debe seguir e para coñecer as posibilidades de transferencia que poden chegar a ter os ditos resultados.

Para os efectos deste programa, entenderase por resultado de interese susceptible de análise todo desenvolvemento dirixido a unha necesidade ou oportunidade de transferencia significativa que estiver baseado en resultados de investigación, coñecemento, innovacións tecnolóxicas ou servizos desenvolvidos nas áreas de especialización relacionadas co Campus Sustentabilidade.

3. Fases do programa de valorización

O Programa para a valorización dos resultados de investigación do Campus Sustentabilidade (Sustenta) constará de dúas fases que serán xestionadas e coordinadas pola OTRI da UDC en colaboración co Campus Sustentabilidade.

3.1. Fase de xerarquización das solicitudes

Todas as propostas presentadas serán avaliadas co obxecto de establecer unha listaxe en que aparezan xerarquizadas de acordo co seu potencial de transferencia.

Para a avaliación das propostas crearase un comité de análise de propostas que estará formado por representantes da OTRI e do Campus Sustentabilidade, e que poderá contar coa colaboración de profesionais especialistas externos.

A avaliación realizarase de conformidade cos seguintes criterios:

- a) Compromiso do equipo responsable do resultado (20 puntos)
- b) Relación coas liñas de especialización do Campus Sustentabilidade (20 puntos)
- c) Potencial tecnolóxico do resultado (20 puntos)
- d) Grao de innovación (20 puntos)

e) Potencial de transferencia do resultado (20 puntos)

As propostas serán xerarquizadas de acordo coa puntuación recibida no proceso de avaliación.

3.2. Fase de análise das solicitudes

A solicitude de cada unha das catro áreas de especialización singular do Campus Sustentabilidade (cidade e territorio, economía circular e sustentable, sociedade e educación ambiental, vida saudable) mellor puntuada na fase anterior pasará á fase de análise, sempre que acadese a puntuación mínima establecida polo comité de análise de propostas. No caso de que as propostas dunha área non acaden esta puntuación mínima, poderán ser analizadas solicitudes das outras áreas, de acordo coa rigorosa orde de puntuación da fase anterior.

No caso de existir dispoñibilidade orzamentaria, poderán ser analizadas máis propostas nesta fase, de acordo coa orde de puntuación da fase de xerarquización.

Realizarase unha análise individualizada dos puntos críticos de valor dos resultados de investigación seleccionados, mediante o estudo das súas viabilidades básicas de innovación (técnica, económica, comercial e reguladora).

O obxectivo desta análise non é determinar a excelencia científica dos resultados, senón analizar o contexto dos requirimentos globais da cadea de valor. Trátase de facilitar a detección das súas fortalezas e carencias, e o diagnóstico de estratexias para darlles solución a estas últimas, propoñendo accións de mellora para favorecer que tales resultados poidan ser transferidos con éxito no futuro.

A análise das solicitudes seleccionadas será realizada por unha consultora externa experta na valorización de propostas. O/A investigador/a principal de cada resultado de investigación será informado/a previamente no tocante á consultora que se encargará de analizar a súa proposta. De non estar de acordo, poderá renunciar a participar nesta fase de análise.

Cada solicitude que se analice durante esta fase será asignada a unha persoa do equipo técnico da OTRI para facilitar o desenvolvemento do traballo entre a consultora externa e os grupos de investigación.

Como resultado deste estudo de viabilidade, elaborárase un informe de cada solicitude seleccionada en que se recollerá a análise individualizada dos puntos críticos de valor antes mencionados, alén de se indicaren recomendacións de carácter estratéxico, se é o caso.

4. Solicitudes

Calquera investigador/a da UDC que desenvolva actividades relacionadas coas áreas de especialización do Campus Sustentabilidade poderá participar no programa Sustenta. Para isto, cómpre que presente **unha solicitude por cada resultado de investigación que desexe incluír no programa.**

As solicitudes deberán ser presentadas segundo o formulario oficial (anexo I) e enviadas en formato PDF por correo electrónico ao enderezo: otri.valorizacion@udc.gal. Nelas terá que especificarse a área de especialización do Campus Sustentabilidade en que se engloba o resultado de investigación a que se refiren.

A persoa que figure como investigadora principal de cada solicitude presentada recibirá un correo electrónico para confirmar a correcta recepción da solicitude, que servirá como resguardo desta.

O prazo de presentación de solicitudes abrirase tras a publicación desta convocatoria na páxina web da OTRI e rematará o día **30 de outubro de 2018**.

Poderase solicitar información adicional se é considerada necesaria.

Todas as tecnoloxías e resultados que participen neste programa pasarán a formar parte da oferta tecnolóxica da UDC e poderá dárseles difusión pública na páxina web da UDC empregada para tal efecto (<http://ofertatec.udc.es>). A presentación dunha solicitude implica a autorización dos autores para publicar a tecnoloxía ou o resultado que se presenta ao Programa Sustenta e darlle publicidade.

5. Resolución e notificación

A OTRI comunicaralles o resultado da avaliación a todos os grupos que presentaren solicitudes.

Os grupos beneficiarios deberán aceptar por escrito a súa participación na fase de análise. Entenderase como renuncia o incumprimento deste requisito.

6. Custos e financiamento

O Programa para a valorización dos resultados de investigación do Campus Sustentabilidade (Sustenta) está financiado con cargo ao orzamento do Campus Sustentabilidade e ao da OTRI da UDC.

De existir dispoñibilidade orzamentaria, poderase autorizar un financiamento complementario que permita analizar máis solicitudes dentro da segunda fase deste programa.

O Campus Sustentabilidade e a OTRI financiarán os custos derivados tanto das tarefas do seu equipo técnico na avaliación dos resultados da investigación presentados como dos traballos desenvolvidos por profesionais externos para este programa. Os grupos de investigación non achegarán ningunha cantidade económica ao Programa Sustenta.

7. Tratamento da información

Toda a documentación xerada ou achegada polos grupos e polo resto das partes durante o proceso que non for de dominio público terá carácter confidencial. Non poderá ser difundida

baixo ningún concepto sen a autorización expresa e por escrito das partes implicadas.

En calquera actividade de difusión e promoción deste programa farase especial referencia á colaboración da OTRI e do Campus Sustentabilidade.

8. Seguimento das solicitudes

O seguimento científico, técnico e económico das accións que se desenvolveren durante a realización do Programa Sustenta realizarase en colaboración entre a OTRI e o Campus Sustentabilidade.

Os grupos de investigación beneficiarios terán dereito a seren informados directamente de todas as accións que se realizaren dentro deste programa e que lles afectaren.

Sempre de acordo co grupo de investigación, e no caso de investigadores da UDC, a protección de calquera resultado de investigación que se identifique durante o proceso como susceptible de ser protexido será tramitada pola OTRI da UDC.

No caso de que os resultados fosen obtidos por unha colaboración entre investigadores de diferentes institucións, asinarase un acordo de colaboración en que se establecerá, entre outras cuestións, quen realizará os trámites relacionados coa protección dos resultados de investigación.

Este programa levarase a cabo coa colaboración da Oficina de Transferencia de Resultados de Investigación e o Campus Sustentabilidade da Universidade da Coruña